



Empresa familiar, que non Inem familiar

C.R. OURENSE
universitas@region7.net

As empresas familiares representan arredor do 80% do tecido empresarial de España, do 65% do Produto Interior Bruto e do 70% do emprego privado. Estímase que o 35% das 500 maiores empresas do mundo son familiares. Sen ir máis lonxe, no mapa galego vemos nesta categoría a destacados grupos e negocios, como Gadisa. Por esta relevancia, explica Elena Rivo, decana da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo do campus de Ourense, é probable que boa parte do alumnado desta área remate traballando nun negocio desta natureza. Para que teñan competencias neste eido, este mes celébrase no campus o curso complementario Empresa familiar: goberno e sucesión. A formación para a xestión con éxito deste tipo de negocios, recalcan os promotores da iniciativa, é fundamental. "A profesionalización e a internacionalización, que van molligadas, é o seu futuro. As empresas familiares non poden ser o Inem da familia", subliña Rivo.

"Do que se trata neste curso é de achegar ao alumnado as características específicas da empresa familiar, o que as fai máis singulares, facendo fincapé nalgúns dos seus maiores problemas, como é neste caso o da sucesión."

Dúas décadas de apostas polas artes escénicas

A Miteu propón 35 actividades con 27 espectáculos teatrais



A Miteu arrancou o pasado xoves nas rúas da cidade de Ourense cunha reflexión sobre o tempo.

C.R. OURENSE
universitas@region7.net

É tempo de teatro en Ourense. A Aula Universitaria de Ourense Rosaura arrancoa a XX Mostra Internacional de Teatro Universitario de Ourense levando ás rúas do centro da cidade unha reflexión sobre o tempo que se nos escapa e que nos rouban outros. 20 anos despois dos seus inicios, a Miteu volve para encher os escenarios de bo teatro e as butacas de fieis espectadores dunha cita que xa se ten convertido nun referente da programación cultural galega.

A mostra traerá 35 actividades

entre as que haberá 27 espectáculos teatrais de compañías de nove países e catro continentes, con grupos de Irán, Cabo Verde, Honduras, Estados Unidos, Brasil, Bélxica e Portugal. Haberá propostas teatrais tradicionais, pero tamén teatro infantil, de rúa, microteatro, danza, proxeccións, formación e moita máis programación.

O campus tamén participará nesta edición acollendo varias das actividades da Miteu. Así, a Sala Emilia Pardo Bazán, no Edificio de Ferro, foi o escenario de dous pases das representacións Hotel Las Vegas, de Teatro El Mayal de Castela e León, Diario dos infeas:

A MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO UNIVERSITARIO DE OURENSE ARRANCOU POLAS RÚAS DA CIDADE

diarios, da portuguesa. Aستا Teatro será mañá; e de Salas de espera, de Corifeo Teatro da Coruña, o día 27. Nesta mesma sala o vindeiro mércores 29 proxectarase Access to the Danger Zone, un documental de Médicos Sen Fronteiras. Por último, o Edificio Politécnico acollerá unha master class de Leo Bassi.

Universitas Breves

Contra a violencia de xénero, reflexión e acción

Como socióloga experta en temas de xénero e como persoa que traballa acompañando a mulleres vítimas desta lacra a xulgados, comisarías e hospitais, Iria Vázquez é unha persoa que ten moito que achegar sobre o tema da violencia de xénero tanto desde un punto de vista teórico como práctico. Para compartir co alumnado de Ciencias da Educación os seus coñecementos, a investigadora ofreceu no campus de Ourense unha conferencia na que fixo fincapé nas medidas necesarias para loitar contra as agresións, desde a adecuación dos conceptos ata a formación das persoas que traballan coas vítimas.

A intervención de Vázquez, que colabora en proxectos de investigación de xénero da Universidade de Vigo, tivo lugar no marco do ciclo de conferencias Unha mirada de xénero, unha actividade patrocinada pola Unidade de Igualdade da Universidade e organizada por Purificación Mayobre e María Álvarez Lires.